



BASES DO I CONCURSO FOTOGRÁFICO "ENFOQUE MEDIOAMBIENTAL"

1.- Participantes:

Poderán participar no concurso todas as persoas residentes na Comunidade Autónoma Galega con idade de 6 anos ou máis a día 26 de maio de 2009.

2.- Tema e características técnicas:

- As fotografías deberán versar sobre calquera aspecto do medio ambiente en Galicia (participación social, educación, riqueza natural e paisaxística, contaminación, etc.).
- Os participantes serán responsables da orixe da obra presentada.
- As fotografías deberanse presentar reveladas, en dimensións iguais ou inferiores a 20x30 cm.
- Os participantes poderán presentar cantas fotografías desexen.
- O participantes evitarán en todo momento accións irregulares que vaian contra o espírito conservacionista na obtención das súas fotografías.

3.- Presentación:

a) Cada fotografía enviarase ou presentarse nun sobre pechado consignando nel: I Concurso Fotográfico "Enfoque Medioambiental", e conterá:

- A fotografía cun lema escrito por detrás.
- Un CD contendo a imaxe dixital ou dixitalizada.
- Unha cuartilla na que figure o lema da fotografía e a indicación do lugar e provincia onde foi tomada.
- Un sobre pechado co formulario de participación cuberto, co lema da fotografía e a categoría na que participa escritos no exterior.

b) As imaxes acompañadas da documentación anterior, presentaranse ata o 26 de maio de 2009 na sede da Federación Galega de Municipios e Provincias, sita na rúa Varsovia, 4C, 6ª planta. Área Central. 15703 Santiago de Compostela.

Todos os traballos recibidos en data posterior quedarán fóra de concurso.

4.- Xurado:

- O xurado estará composto pola Presidenta da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, o Presidente da FEGAMP, un técnico da FEGAMP, un técnico da Consellería de Medio Ambiente, o responsable de comunicación da FEGAMP e o secretariado da Rede.
- O fallo do xurado será inapelable, quedando facultado par rexeitar fotografías ou declarar desertas as categorías que considere oportunas cando estime que non se axustan ás condicións establecidas.
- Non poderá recaer máis dun premio na mesma persoa.
- O veredicto do xurado farase público nos 30 días posteriores ao remate do prazo de admisión dos traballos. O fallo darase a coñecer directamente aos premiados, remitirase aos medios de comunicación e será publicado na páxina web da Rede.

5.- Categorias:

Establécense as seguintes categorías de participación segundo a idade dos participantes a día 26 de maio de 2009:

CATEGORÍA A: De 6 a 11 anos.

CATEGORÍA B: De 12 a 15 anos.

CATEGORÍA C: De 16 a 18 anos

CATEGORÍA D: De 18 anos en diante

6.- Premios:

Establécense os seguintes premios únicos por categoría:

Categoría A: Escultura alegórica e un vale de 300 euros de El Corte Inglés.

Categoría B: Escultura alegórica e un vale de 300 euros de El Corte Inglés.

Categoría C: Escultura alegórica e un vale de 500 euros de El Corte Inglés.

Categoría D: Escultura alegórica e un vale de 500 euros de El Corte Inglés.

7.- Normas finais:

- As fotografías presentadas ao concurso serán propiedade de FEGAMP, cedendo os autores os dereitos de uso e explotación.
- En caso de publicarse unha compilación das mesmas, os autores serán citados.
- Os participantes aceptan as presentes bases polo mero feito de presentarse ao concurso.

